

IES AS LAGOAS



BIBLIOTECA

Pretendemos, en primeiro lugar, que neste curso 2020/21 que comeza a nosa biblioteca continúe a ser o espazo de referencia para a lectura, a información e as aprendizaxes, beneficiando así a toda a comunidade educativa e ofrecendo oportunidades diversas de acceso a información relevante.

Somos conscientes do reto que supón este incerto momento de pandemia no uso seguro deste espazo común e, por iso, desenvolvemos un protocolo inicial que poderá ser avaliado, puntualizado ou mellorado

segundo o desenvolvemento do inicio de curso.

O equipo da biblioteca planificará os distintos escenarios que se poidan dar ao longo do curso, incluíndo a posibilidade de cese das actividades presenciais.

MEDIDAS A ADOPTAR:

1. Entrada

- As portas permanecerán abertas durante o tempo de uso da biblioteca para evitar ter que tocala.
- É obrigatorio o uso de máscara e de xel hidroalcolico, tanto á entrada como á saída. Haberá dispoñible un dispensador de xel desinfectante para este efecto
- A entrada á biblioteca farase pola dereita e a saída pola esquerda. Para conseguir isto instalaremos uns postes separadores no centro do corredor.
- O alumnado permanecerá facendo fila para acceder ao mostrador do empréstimo onde só poderán estar **2 persoas** como máximo e sempre coa distancia de 1.5 metros de separación entre elas. A distancia de 1.5 metros nos lugares da fila serán marcadas ao longo do corredor que vai á biblioteca.

2. Permanencia na sala de lectura

- O aforo máximo de persoas na sala é de **15**.
- As mesas terán unhas separacións de metacrilato para evitar o contacto entre os/as usuarios/as.
- Non se poderá coller libros dos estantes; haberá que dirixirse ao mostrador da biblioteca ou levantar a man e solicitarllo á persoa responsábel nese momento. Poremos unhas cintas diante dos estantes como recordatorio de que a manipulación dos libros é tarefa exclusiva do persoal da biblioteca.
- Os postos nas mesas estarán sinalizados. O alumnado terá que permanecer sentado no seu posto, agás que se dirixa ao mostrador para información. En cada mesa haberá panos e xel para desinfectar o posto ocupado ao marchar.

- Non se poderán utilizar xogos de mesa nin outro tipo de material partillado.
- Tentaremos facilitar un acceso wifi para que os/as usuarios/as da biblioteca poidan traballar coas súas tablets ou ordenadores particulares.
- Dos catro lugares con ordenadores e acceso a internet só se poderán ocupar 2, un dun lado e outro do outro, non enfrontados.

3. Servizo de préstamo

- O servizo farase de forma habitual, aínda que os materiais devoltos deberán permanecer separados, a efectos de prevención, un prazo de **24 horas como mínimo** (agás que as autoridades sanitarias, educativas e do ámbito bibliotecario estipulen outros prazos maiores). É dicir, devólvense un día e colócanse ao día seguinte.
- As devolucións faranse nun carriño colocado na entrada e o/a alumno/a non terá que facer máis nada que depositalo nel. Será ao día seguinte, cando o/a encargado/a da biblioteca terá que rexistrar a devolución e colocalo no estante correspondente. Cómpre suliñar entón que hai que ser moi escrupulosos/as nestes rexistros para evitar que os/as usuarios/as aparezan como pendentos de devolución de libros que xa trouxeron.
- O mostrador da biblioteca contará tamén con pantallas de metacrilato.

4. Medidas de hixiene

- Ventilación: Dado que a ventilación é unha das medidas máis eficaces para minimizar a transmisión teremos as xanelas abertas o máximo tempo posíbel. En caso de que a meteoroloxía non o permita ventilarase cada hora a biblioteca durante 5 minutos como mínimo.
- Cada responsábel da biblioteca limpará o mostrador e o teclado antes e despois da súa estancia, así como os materiais que usase: cadeira, tesoiras, cinta adhesiva, bolígrafos, etc.
- Uso obrigatorio do xel desinfectante á entrada e á saída para todos/as os/as usuarios/as sen excepción (docentes, non docentes e alumnado).

5. Materiais para levar a cabo estas medidas

- Dispensadores de xel.
- Panos desbotábeis.
- Cinta adhesiva para marcar a quenda no corredor.
- Cintas de “non tocar” para os estantes.
- Pantallas de metacrilato para as mesas e o mostrador.
- 2 Postes separadores e delimitadores para a fila da entrada.
- 2 carriños para a devolución dos libros.
- Conexión wifi